

Nunca unha Coruña sen porto

Condonación da débeda xa,
como en Valencia



**MAREA
ATLÁNTICA**

mariatlantica.org
[@mariatlantica](https://twitter.com/mariatlantica)
[#GañemosOPorto](https://twitter.com/mariatlantica)

Nunca unha Coruña sen porto

Condonación da débeda xa, como en Valencia

En Valencia tiñan unha débeda portuaria de 400 millóns. Creárona Paco Camps e Rita Barberá cos saraos da Copa América e a Fórmula 1. Xa desapareceu. Perdoouna Pedro Sánchez.

Na Coruña hai unha débeda portuaria de 200 millóns. Nace dunha obra de interese xeral, a do Porto Exterior, para non meter os grandes petroleiros na cidade. Aí segue. O Estado di que hai que vender os peiraos para pagala.

Por que en Valencia si e na Coruña non? Será a paella? Non. É o negocio.

A débeda na Coruña non se condona porque é a escusa perfecta. Dirán que para pagala toca vender os peiraos, facer pisos a prezos imposibles, e repartir cartos entre os de sempre. Ese foi o plan desde o comezo.

Se iso pasa, eles fan negocio, pero a maioría perdemos. O porto non é un solar que se poida apostar no casino da especulación inmobiliaria. O porto é a lonxa, a pesca, os postos de traballo e a riqueza do mar. Iso é o que ten que medrar, e non torres de vivendas.

A Coruña é porto. E debe seguir séndoo.

Plantémoslles cara. O porto non se vende.

Condonación da débeda xa.

Se poden en Valencia, poden na Coruña.